



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS XAN VIAÑO

Materia/disciplina: HARMONÍA

Curso: 2024 - 2025

Índice

1	Introdución	3
2	Metodoloxía.....	3
3	Atención á diversidade	3
4	Temas transversais.....	4
	4.1 Educación en valores.....	4
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	4
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	4
6	Secuenciación do curso	5
	6.1 Obxectivos, contidos e recursos didácticos dos cursos: Harmonía I e Harmonía II	5
	6.1.1 Obxectivos Harmonía I	5
	6.1.2 Contidos Harmonía I	5
	6.1.3 Obxectivos Harmonía II	6
	6.1.4 Contidos Harmonía II	6
	6.1.5 Recursos didácticos para ambos cursos	7
	6.2 Avaliación	7
	6.2.1 Avaliación inicial, trimestral e final.....	7
	6.2.2 Criterios de avaliación	7
	6.2.3 Mínimos esixibles.....	8
	6.2.4 Procedementos e ferramentas de avaliación	9
	6.2.5 Criterios de cualificación en convocatoria ordinaria	10
	6.2.6 Criterios de cualificación en probas extraordinarias: ampliación de matrícula, xuño, recuperación de materia pendente.....	11
	6.2.7 Medidas de recuperación.....	11
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	12
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	13
9	ANEXOS.....	14
	9.1 Probas de acceso 4º de grao profesional.....	14
	9.2 Probas de acceso a 5º e 6º de grao profesional.....	15
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	17
	9.4 Condicións para realizar exercicios para coro mixto a catro voces e desconto por erros ao respecto.....	17
	9.5 Exemplo dun exame de proba de acceso.....	19



1 Introducción

A presente programación dá concreción ao *DECRETO 203/2007, de 27 de setembro, polo que se establece o currículo do ensino profesional de réxime especial de música*. Será o documento que os/as docentes deste centro usarán como guía do traballo de aula na materia de Harmonía.

A materia de Harmonía está incluída nos cursos 3º e 4º do grao profesional LOE xusto a continuación do remate dos estudos de Linguaxe Musical.

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que percibimos dun xeito unitario nun contexto musical. A Harmonía ocúpase, por unha banda, da sonoridade que se produce nun mesmo instante temporal, e por outra parte, dentro do sintáctico, é dicir, atendendo á súa función no contexto da frase musical, ocúpase tamén da relación dese conxunto de sons coas sonoridades que se producen antes e despois. Correspóndelle ó ensino da Harmonía a subministración do coñecemento profundo do sistema tonal, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compoñen.

2 Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, para que o alumnado poda relacionar os coñecementos novos cos adquiridos con anterioridade e aplicar as aprendizaxes en situacións futuras da vida e na adquisición e desenvolvemento de novas destrezas. Tratarase, en todo caso, de relacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen máis adiante. Aínda que as clases son colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos.

Dado que nesta materia a carga de contidos está baseada no material harmónico e o seu tratamento ao longo do período tonal, tratarase de que o alumnado, por unha banda, entenda e interiorice os conceptos básicos e por outra, aplique os coñecementos aprendidos á creación musical. Por iso, as dúas sesións semanais estarán destinadas a actividades distintas: na clase *expositiva* serán incluídas as explicacións teóricas, os exercicios de análise e a práctica auditiva; na clase *práctica* o alumnado será atendido persoalmente para observar que cada proxecto creativo está realizado con corrección, é dicir, respectando as pautas de estilo dadas. Con esta finalidade aplicarase unha metodoloxía de aprendizaxe activa, na que se incluírán:

- Escritura musical
- Análise musical
- Práctica dos acordes en instrumento polifónico
- Exercicios auditivos
- Constancia e eficiencia no traballo semanal

3 Atención á diversidade

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que, por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe, por amosar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo ou que polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordes de personalidade ou altas capacidades intelectuais.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención.

Os alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais. Non todo o alumnado aprende ao mesmo ritmo nin ten as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características das e dos discentes.

Para dar resposta á diversidade teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que planifiquen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades musicais previas, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Planificar actividades de diferente dificultade e integrar ó alumnado na máis axeitada ó seu nivel.
- Valorar os pequenos logros e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Transmitir a importancia de valorar os propios erros desenvolvendo a capacidade de autoavaliación.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.

4 Temas transversais

Ao longo de todo o curso serán tratados temas transversais, especialmente nos ámbitos de Igualdade, Educación para a Paz e defendendo valores como o respecto.

Nesta materia resulta importante que, a parte dos exemplos musicais tradicionais que aparecen nos tratados de Harmonía e foron compostos por compositores, tamén se utilicen exemplos de obras musicais de compositoras, para que as novas xeracións podan aprender tamén das mestras do pasado esquecidas pola sociedade patriarcal.

4.1 Educación en valores

A parte dos valores universais de respecto e convivencia trataremos outros como os que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas. Nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiera coñecementos e habilidades para ser capaz de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con aulas ben dotadas de equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. É misión do profesorado promover o seu aproveitamento ensinando a usalo como ferramenta de aprendizaxe e de traballo. Para esta materia a rede tamén pode ser unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro pode ser un bo lugar para a obtención de información, para o traballo e o estudo; deberemos animar e axudar as alumnas e os alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro xurdindo de iniciativas das dinamizacións ou dos departamentos didácticos, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar e concertos fora do centro. O Departamento de Composición organiza cada ano o Certame Xan Víaño de Creación Musical, ao alumnado da materia de Harmonía que participe e leve a cabo a estrea en concerto da obra coa que participa será recompensado co redondeo á alza ou a proposta de matrícula de honra no caso de ter obtido unha nota igual ou superior a 9 avaliación final. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais

estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltarán ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6 Secuenciación do curso

A materia de Harmonía é impartida en dous cursos cunha carga lectiva de dúas horas semanais. Deste xeito esta programación refírese a Harmonía I, impartida en 3º de grao profesional e Harmonía II, impartida en 4º de profesional.

6.1 Obxectivos, contidos e recursos didácticos dos cursos: Harmonía I e Harmonía II

6.1.1 Obxectivos Harmonía I

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características nos períodos barroco e clásico.
- Empregar nos traballos escritos a catro voces e melodía acompañada os procedementos estudados.
- Desenvolver o oído interno na análise de pequenas pezas e nos exercicios propostos.
- Identificar os acordes estudados a través da audición.
- Identificar sobre a partitura os acordes e os procesos máis comúns da harmonía no período barroco e clásico.
- Comprender a relación entre proceso harmónico e forma musical.
- Ser capaz de tocar esquemas básicos e traballos realizados no piano ou o acordeón.
- Amosar unha actitude de interese pola materia, realizando os traballos de aula e da casa e valorando construtivamente as composicións e intervencións na clase tanto propias como alleas.

6.1.2 Contidos Harmonía I

1º Trimestre:

- Introducción ao estudo da harmonía tonal tamén denominada da práctica común
- O acorde de tres notas na harmonía tonal
- Tonalidade e funcións tonais
- Particularidades do modo maior
- Consonancia e disonancia
- Notas alleas á harmonía
- Enlaces de acordes en estado fundamental, primeira inversión e segunda inversión
- Cadencias: perfecta, imperfecta, plagal, rota e semicadencia
- O ritmo harmónico
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos para coro mixto a catro voces
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos
- Análise de exemplos musicais para relacionar os devanditos elementos e procedementos



2º Trimestre: A todo o estudado anteriormente engádense os seguintes contidos

- Particularidades do modo menor
- Os acordes de sétima de dominante e as súas inversións
- Progresións unitonais
- Serie de sextas

3º Trimestre: A todo o estudado anteriormente engádense os seguintes contidos

- Flexións introtonais, introdución ao estudo da modulación diatónica
- Procesos cadenciais

6.1.3 Obxectivos Harmonía II

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e características nos períodos da práctica común: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Empregar nos traballos escritos a catro voces e melodía acompañada os procedementos estudados.
- Desenvolver o oído interno na análise de pequenas pezas e nos exercicios propostos.
- Identificar os acordes estudados a través da audición.
- Identificar sobre a partitura os acordes e os procesos máis comúns da harmonía nos estilos barroco, clásico e romántico.
- Comprender a relación entre proceso harmónico e forma musical.
- Ser capaz de tocar esquemas básicos e traballos realizados no piano ou acordeón.
- Amosar unha actitude de interese pola materia, realizando os traballos de aula e da casa e valorando construtivamente as composicións e intervencións na clase tanto propias como alleas.

6.1.4 Contidos Harmonía II

1º Trimestre: O curso dará comezo cun repaso dos contidos da materia Harmonía I. A eses coñecementos previos, que se irán ampliando e afianzando, serán engadidos os seguintes:

- Estado fundamental e inversións dos acordes de sétima sobre todos os graos da escala
- Os acordes de sétima de sensible e sétima diminuída
- Series de sétimas
- Progresións modulantes
- Dominantes secundarias
- A modulación diatónica
- Ampliación do estudo das cadencias

2º Trimestre: A todo o estudado anteriormente engádense os seguintes contidos:

- A nota pedal e a dominante sobre tónica
- O acorde de sexta napolitana
- O modo maior mixto



- A novena de dominante
- Modulación cromática
- Ampliación do estudo das cadencias
- A melodía acompañada (textura, ritmo harmónico, acompañamento, disposición das voces)

3º Trimestre: A todo o estudado anteriormente engádense os seguintes contidos

- Acordes de sexta aumentada
- Modulación enharmónica
- Estructuras formais e outros elementos da linguaxe musical en pequenas composicións

6.1.5 Recursos didácticos para ambos cursos

A aula virtual da materia conterá os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento do curso.

O centro dispón de aulas de estudo con piano para a preparación das prácticas instrumentais, pero é moi recomendable que o alumnado teña o seu propio instrumento polifónico na casa (vale un teclado electrónico).

As aulas nas que se imparten as materias dispoñen de pantalla dixital con acceso a internet, piano eléctrico, ordenadores con aplicacións específicas para a edición de partituras e audio e altosfalantes.

Na biblioteca do centro hai un apartado de libros relacionados coa materia.

6.2 Avaliación

6.2.1 Avaliación inicial, trimestral e final

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade observar o punto de partida en canto a coñecementos previos e as posibles carencias en habilidades necesarias para o aproveitamento da materia. É importante de cara á organización do curso coñecer se na aula hai casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O medio para a recollida de datos estará baseado en tarefas de repaso. Deberá quedar constancia no caderno de aula das observacións recollidas nesta avaliación.

Durante o transcurso dos trimestres o profesorado tomará nota do grao de cumprimento do alumnado coas tarefas semanais. Os traballos semanais de escritura harmónica serán corrídos de xeito individualizado na clase práctica. Na semana de exames trimestrais haberá unha proba de escritura harmónica nunha das sesións de clase e terán lugar as probas de análise, audición e práctica instrumental na outra sesión semanal. Da media ponderada dos apartados de: escritura harmónica, análise, audición, práctica instrumental e actitude saíran as notas dos dous primeiros trimestres e a nota final de curso.

A avaliación é continua, polo que a nota final de curso sairá do resultado obtido no terceiro trimestre. Estableceranse actividades de recuperación para a preparación dos exames de convocatoria extraordinaria para o alumnado que non resulte aprobado na convocatoria ordinaria. O alumnado que non asista ás clases regularmente poderá presentarse aos exames trimestrais e/ou ao exame final tanto da convocatoria ordinaria como da extraordinaria. Nestes casos a nota será o resultado da media ponderada dos apartados de: escritura harmónica, análise, audición e práctica instrumental.

6.2.2 Criterios de avaliación

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado
- Realizar exercicios a partir dun baixo sen cifrar dado



- Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados
- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado
- Identificar mediante a audición os principais elementos morfolóxicos da harmonía do período barroco e clásico tales como acordes estudados, en estado fundamental e inversións.
- Identificar mediante a audición os principais elementos sintácticos da harmonía tonal tales como cadencias e progresións.
- Identificar mediante a audición pequenas estruturas formais básicas.
- Identificar mediante a análise de pequenas obras os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal nos períodos barroco e clásico.
- Identificar, mediante a análise, erros en exercicios propios e propor solucións.
- Improvisar/tocar no piano a partir de esquemas propostos os encadeamentos de acordes estudados de forma homófona, así como tocar no piano os traballos realizados como medio de aprendizaxe para constatar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas.
- Realizar as tarefas prácticas propostas.

6.2.3 Mínimos esixibles

Para aprobar os trimestres e a avaliación final será necesario obter unha puntuación mínima de 5 na media ponderada dos exames propostos. É de destacar que os bloques están deseñados para provocar unha mellora recíproca duns cos outros, é dicir, canto máis se traballe en todos os bloques máis se mellorará en todos eles polo beneficio que a práctica duns provoca no resto.

O alumnado dispón no Anexo II desta programación dunha táboa cos estándares de calidade dos traballos de harmonización e os descontos na puntuación provocados polos erros de escritura. Esta táboa é unha ferramenta que axuda as/aos estudantes a valorar en que medida o seu traballo cumpre cos estándares requiridos.

Nas probas de acceso serán de aplicación os mínimos esixibles que establece a Lei (aprobar as dúas partes: instrumental e teórico-práctica). Cada curso contará cunha ponderación diferente desta materia á hora de calcular a nota. Así a nota da materia de Harmonía supón un 45% da nota de acceso a 4º GP, un 35% da nota de acceso a 5º GP e un 20% da nota de acceso a 6º GP.

A continuación está detallado o mínimo esixible para cada criterio de avaliación:

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado: o exercicio proposto debe estar completo, como mínimo, en 7/8 da súa extensión (a ausencia de harmonización descontará 0,5 puntos por cada acorde que falte) e debe cumprir coas características estilísticas e técnicas solicitadas no enunciado. A puntuación deste exercicio será feita en base ás “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a catro voces” recollidas no apartado de Anexos.
- Realizar exercicios a partir dun baixo sen cifrar dado: o exercicio proposto debe estar completo, como mínimo, en 7/8 da súa extensión (a ausencia de harmonización descontará 0,5 puntos por cada acorde que falte) e debe cumprir coas características estilísticas e técnicas solicitadas no enunciado. A puntuación deste exercicio será feita en base ás “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a catro voces” recollidas no apartado de Anexos.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados: o exercicio proposto debe estar completo, como mínimo, en 7/8 da súa extensión (a ausencia de harmonización descontará 0,5 puntos por cada acorde que falte) e debe cumprir coas características estilísticas e técnicas solicitadas no enunciado. A puntuación deste exercicio será feita en base ás “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a catro voces” recollidas no apartado de Anexos.
- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado: o exercicio proposto debe estar completo, como mínimo, en 7/8 da súa extensión (a ausencia de harmonización descontará 0,5 puntos por cada acorde que falte) e debe cumprir coas características estilísticas e técnicas solicitadas no enunciado. A puntuación deste exercicio será feita en base aos criterios concretos propostos polo profesorado no enunciado do exercicio.



- Identificar mediante a audición os principais elementos morfolóxicos da harmonía do período barroco e clásico tales como acordes estudados, en estado fundamental e inversións: será imprescindible recoñecer como mínimo a metade dos graos e cifrados.
- Identificar mediante a audición os principais elementos sintácticos da harmonía tonal tales como cadencias e progresións: será imprescindible sinalar e dar o nome da metade das cadencias e das progresións, no caso de habelas.
- Identificar mediante a audición pequenas estruturas formais básicas: será imprescindible identificar as partes semellantes.
- Identificar mediante a análise de pequenas obras os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal nos períodos barroco e clásico: haberá que saber identificar a tonalidade principal e ser capaz de cifrar a metade dos acordes e dar nome á metade das cadencias.
- Identificar mediante a análise erros en exercicios propios e propor solucións: será necesario ser capaz de identificar os erros e propor solucións na medida en que eses erros provoquen unha nota máis baixa de 5.
- Improvisar/tocar no piano a partir de esquemas propostos os encadeamentos de acordes estudados de forma homófona, así como tocar no piano os traballos realizados como medio de aprendizaxe para constatar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas: os exercicios deberán ser tocados coa fluidez suficiente para que se perciban os cambios de acordes, procurando manter un pulso constante. O alumnado deberá ser consciente do que toca, polo que debe saber identificar o que se lle pide.
- Realizar a metade das tarefas prácticas propostas.

6.2.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua.

Valorarase no apartado de actitude o traballo da aula materializado na realización das tarefas semanais. A puntuación neste apartado é proporcional ao número de tarefas rematadas e revisadas pola persoa docente.

Nas datas sinaladas no calendario do centro serán realizados os exames trimestrais e finais. Estas probas constarán de exercicios de: composición harmónica, análise, audición e práctica instrumental (piano e/ou acordeón). Explicarase ao alumnado o tipo de exercicio a realizar con tempo suficiente (mínimo unha semana antes da proba).

Dita proba consistirá en:

- Composición harmónica: Harmonización dun baixo, tiple ou baixo e tiple combinados con cifrado e/ou sen cifrar de 8 compases. A duración da proba é de 60 minutos. Para puntuar esta proba o profesorado fai uso do documento denominado “Condicións para realizar exercicios...” exposto no anexo 9.4.
- Análise: Análise harmónica dun pequeno fragmento musical. A duración da proba é de 30 minutos. Para puntuar esta proba hai un baremo para cada exame que recolle a puntuación a acadar en cada un dos parámetros analizados (variable dependendo da peza ou fragmento a analizar, mais en calquera caso haberá que saber identificar a/as tonalidade/s, os graos e cifrados, as notas alleas á harmonía e as cadencias).
- Audición: Ditado harmónico (graos, funcións, tipos de acordes, cadencias). A duración da proba é de 20 minutos. A puntuación desta proba é proporcional ao número de respostas correctas.
- Práctica instrumental: Realización ao piano/acordeón de enlaces de acordes. A duración da proba é de 10 minutos. Para puntuar esta proba o profesorado fai uso de rúbricas.

6.2.5 Criterios de cualificación en convocatoria ordinaria

Exercicio de escritura harmónica (60% da nota):

Para o alumnado que asiste a clase con regularidade, o exercicio de composición harmónica dará como resultado o 60% da nota de avaliación. Os exames parten dunha puntuación total de 10 que vai sendo rebaixada dependendo das veces e tipos de incumprimento das normas dadas. Serán de aplicación os descontos relacionados nas “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a 4 voces” que se anexan a esta programación. Os exercicios propostos deberán ser puntuados atendendo aos seguintes criterios:

- Harmonizacións de calidade: corrección na realización atendendo ás normas de contrapunto, formación, disposición, funcionalidade e cifrado de acordes e coherencia nas sucesións de acordes e nas cadencias.
- Melodías de calidade: atendendo ao seu rexistro, musicalidade, coidado da disonancia, uso de intervalos melódicos propios da música da práctica común, uso correcto das notas alleas á harmonía.
- Escritura musical correcta e axeitada á agrupación para a que está composta a peza (coro, dúo...)
- Uso dos contidos propios do nivel

Exercicio de análise (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento da tonalidade e modo do fragmento e das modulacións e ou flexións, no caso de habelas.
- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e das súas correspondentes funcións, no caso de que o enunciado solicite este último aspecto.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias.
- Recoñecemento das notas alleas á harmonía.

Proba de recoñecemento auditivo (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e, no caso de que o enunciado o solicite, tamén das súas correspondentes funcións.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias no caso de que o enunciado solicite este aspecto.

Práctica instrumental en instrumento polifónico (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento do material harmónico co que se está traballando.
- Habilidade para tocar a secuencia de acordes mantendo o pulso e a unha velocidade que permita percibir os enlaces.
- Interpretación da sucesión de acordes cunha correcta lectura de todas as notas que os compoñen.

Actitude (10% da nota):

Este apartado será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Organización e grao de compromiso en canto á realización das tarefas propostas semanalmente.
- Presentación puntual das tarefas ao profesorado para a súa revisión.

6.2.6 Criterios de cualificación en probas extraordinarias: ampliación de matrícula, xuño, recuperación de materia pendente

O alumnado aspirante a ampliación de matrícula deberá realizar un exame e, tendo en conta que se presenta a unha única proba, deberá demostrar ter adquiridos os coñecementos do curso completo. O exame desta proba constará nas mesmas partes das que constan os exames da avaliación ordinaria, agás no relativo ao apartado de actitude, que nesta proba non será avaliada. A ponderación dos distintos exercicios que compoñen o exame quedará do xeito seguinte:

Exercicio de escritura harmónica (70% da nota):

Para o alumnado que vai ser avaliado mediante un único exame, o exercicio de composición harmónica dará como resultado o 70% da nota de avaliación. Os exames parten dunha puntuación total de 10 que vai sendo rebaixada dependendo das veces e tipos de incumprimento das normas dadas. Serán de aplicación os descontos relacionados nas “Condições para harmonizar exercicios para coro mixto a 4 voces” que se anexan a esta programación. Os exercicios propostos deberán ser puntuados atendendo aos seguintes criterios:

- Harmonizacións de calidade: corrección na realización atendendo ás normas de contrapunto, formación, disposición, funcionalidade e cifrado de acordes e coherencia nas sucesións de acordes e nas cadencias.
- Melodías de calidade: atendendo ao seu rexistro, musicalidade, coidado da disonancia, uso de intervalos melódicos propios da música da práctica común, uso correcto das notas alleas á harmonía.
- Escritura musical correcta e axeitada á agrupación para a que está composta a peza (coro, dúo...)
- Uso dos contidos propios do nivel

Exercicio de análise (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento da tonalidade e modo do fragmento e das modulacións e ou flexións, no caso de habelas.
- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e das súas correspondentes funcións, no caso de que o enunciado solicite este último aspecto.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias.
- Recoñecemento das notas alleas á harmonía.

Proba de recoñecemento auditivo (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e, no caso de que o enunciado o solicite, tamén das súas correspondentes funcións.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias no caso de que o enunciado solicite este aspecto.

Práctica instrumental en instrumento polifónico (10% da nota):

O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento do material harmónico co que se está traballando.
- Habilidade para tocar a secuencia de acordes mantendo o pulso e a unha velocidade que permita percibir os enlaces.
- Interpretación da sucesión de acordes cunha correcta lectura de todas as notas que os compoñen.

6.2.7 Medidas de recuperación

En Harmonía a avaliación é continua. Ao longo do curso o alumnado terá a oportunidade de ir recuperando os obxectivos non acadados, o profesorado facilitará exercicios de nivel progresivo para o alumnado que precisa recuperar. O profesorado recomendará ao alumnado que o necesite a asistencia a clases de reforzo e informará dos horarios dispostos para este fin.

6.2.8 Procedementos de recuperación ordinarios

As persoas que non resulten aprobadas na primeira e/ou na segunda avaliación deberán procurar resolver as dúbidas da materia dada ata o momento, de xeito que a carencia de determinados contidos ou a habilidades prácticas se poda reparar canto antes e non resulte un obstáculo para o seu progreso no que queda de curso. O aprobado (nota de 5 ou máis) nunha avaliación posterior a outra con nota inferior a 5 ao longo dun mesmo curso indica que a avaliación anterior está recuperada, deste xeito, acadando un aprobado na terceira avaliación, quedará aprobado o curso.

6.2.9 Probas extraordinarias

Hai tres tipos de probas extraordinarias e todas elas teñen en común que non contemplan a compoñente de actitude que se ten en conta na avaliación ordinaria:

- **Proba extraordinaria de xuño:** a esta proba estará convocado o alumnado que non aprobou a terceira avaliación.
- **Proba para a ampliación de matrícula:** será feita a comezo de curso en canto se poda, para facilitar a incorporación da persoa aspirante ao curso seguinte canto antes, de xeito que poda asistir ás clases con aproveitamento desde as primeiras explicacións de materia nova e que poda realizar as primeiras actividades.
- **Proba de recuperación da materia pendente do curso anterior:** a persoa que pase de curso coa materia de Harmonía I pendente, terá a oportunidade de presentarse a un exame extraordinario (con toda a materia) por trimestre coa finalidade de poder incorporarse á clase de Harmonía II canto antes. Para presentarse a esta proba final é necesario solicitalo ao profesorado da materia como mínimo con dúas semanas de antelación ás datas de exames.

Quen se presente a estas probas deberá demostrar ter adquiridos os coñecementos do curso completo. O exame desta proba constará das mesmas partes das que constan os exames da avaliación ordinaria, agás no relativo ao apartado de actitude, que nesta proba non será avaliada.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A valoración e revisión do desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas será realizado mensualmente. Cada profesora redactará un pequeno informe que inclúa se foi necesario facer algunha modificación nas directrices recollidas na presente programación no que se refire aos seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; a temporalización recollida na programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. A **análise** dos motivos que induciron a facer modificacións ou adaptacións da presente programación é indispensable para poder tomar medidas que se consideren oportunas. Ao final de curso cada profesora informará á xefa de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que estime pertinentes.

Para a realización da **Homoxeneización** o profesorado da mesma materia e nivel deberá ter en conta os Criterios de Cualificación acordados, así como o seu nivel de concreción, reflectido nesta Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que a docencia da mesma materia e mesmo nivel educativo sexa impartida por máis de dúas persoas.

Nas especialidades teóricas, o profesorado da mesma materia e nivel educativo deberán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas deberanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

O profesorado poderá solicitar a colaboración doutro persoal docente do departamento co fin de optimizar a calidade de todo o proceso de avaliación, a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a reflexión crítica sobre a

práctica docente. En todo caso, a avaliación e a cualificación finais serán responsabilidade única do profesorado encargado da materia.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas ao alumnado, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.

Nas enquisas ao alumnado haberá cuestións relacionadas coa materia e a metodoloxía de ensino empregada, coa dinámica percibida na aula, coa percepción do profesorado por parte do alumnado e coa valoración do alumnado da súa propia implicación coa materia. Tamén haberá un apartado para suxestións de mellora.

9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso 4º de grao profesional

As persoas que desexen acceder a 4º curso de grao profesional deberán realizar unha proba de nivel coa que se medirá o seu dominio da materia **Harmonía I**, correspondente a 3º GP. Esta proba de nivel consistirá en dous exercicios: un **exercicio escrito de harmonización** para coro mixto a catro voces tipo baixo e tiple combinado no que haberá partes cifradas e outras sen cifrar e unha parte libre para a composición da cadencia; un **cuestionario** con preguntas relativas á análise dunha peza dada.

Contidos

- Introducción ao estudo da harmonía tonal tamén denominada da práctica común
- O acorde de tres notas na harmonía tonal
- Tonalidade e funcións tonais
- Particularidades do modo maior
- Consonancia e disonancia
- Notas alleas á harmonía
- Enlaces de acordes en estado fundamental, primeira inversión e segunda inversión
- Cadencias: perfecta, imperfecta, plagal, rota e semicadencia
- O ritmo harmónico
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos para coro mixto a catro voces
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos
- Análise de exemplos musicais para relacionar os devanditos elementos e procedementos
- Particularidades do modo menor
- Os acordes de sétima de dominante e as súas inversións
- Progresións unitonais
- Serie de sextas
- Flexións introtonais, introdución ao estudo da modulación diatónica
- Procesos cadenciais

Crterios de avaliación e cualificación

A nota da materia de Harmonía supón un 45% da nota da parte teórica no acceso a 4º GP. O exame de harmonía será puntuado conforme aos seguintes criterios:

Exercicio de escritura harmónica (80% da nota):

Para o alumnado que vai ser avaliado para acceder a 4º GP, o exercicio de composición harmónica dará como resultado o 80% da nota da avaliación do apartado de Harmonía.

Os exames parten dunha puntuación total de 10 que vai sendo rebaixada dependendo das veces e tipos de incumprimento das normas dadas. Serán de aplicación os descontos relacionados nas “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a 4 voces” que se anexan a esta programación. Os exercicios propostos deberán ser puntuados atendendo aos seguintes criterios:

- Harmonizacións de calidade: corrección na realización atendendo ás normas de contrapunto, formación, disposición, funcionalidade e cifrado de acordes e coherencia nas sucesións de acordes e nas cadencias.
- Melodías de calidade: atendendo ao seu rexistro, musicalidade, coidado da disonancia, uso de intervalos melódicos propios da música da práctica común, uso correcto das notas alleas á harmonía.
- Escritura musical correcta e axeitada á agrupación para a que está composta a peza (coro, dúo...)
- Uso dos contidos propios do nivel

Exercicio de análise tipo cuestionario (20% da nota):

O exercicio de análise suporá o 20% da nota da avaliación no apartado de Harmonía. O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento da tonalidade e modo do fragmento e das modulacións e ou flexións, no caso de habelas.
- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e das súas correspondentes funcións, no caso de que o enunciado solicite este último aspecto.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias.
- Recoñecemento das notas alleas á harmonía.

9.2 Probas de acceso a 5º e 6º de grao profesional

As persoas que desexen acceder a 5º e 6º curso de grao profesional deberán realizar unha proba de nivel coa que se medirá o seu dominio da materia **Harmonía II**, correspondente a 4º GP. Esta proba de nivel consistirá en dous exercicios: un **exercicio escrito de harmonización** para coro mixto a catro voces tipo baixo e tiple combinado no que haberá partes cifradas e outras sen cifrar e unha parte libre para a composición da cadencia; un **cuestionario** con preguntas relativas á análise dunha peza dada.

Contidos

Aos contidos da materia Harmonía I, serán engadidos os seguintes:

- Estado fundamental e inversións dos acordes de sétima sobre todos os graos da escala
- Os acordes de sétima de sensible e sétima diminuída
- Series de sétimas
- Progresións modulantes
- Dominantes secundarias
- A modulación diatónica
- Ampliación do estudo das cadencias
- A nota pedal e a dominante sobre tónica
- O acorde de sexta napolitana
- O modo maior mixto
- A novena de dominante
- Modulación cromática
- Ampliación do estudo das cadencias
- A melodía acompañada (textura, ritmo harmónico, acompañamento, disposición das voces)
- Acordes de sexta aumentada

- Modulación enharmónica
- Estructuras formais e outros elementos da linguaxe musical en pequenas composicións

Criterios de avaliación e cualificación para o acceso a 5º GP

A nota da materia de Harmonía supón un 35% da nota da parte teórica no acceso a 5º GP. O exame de harmonía será puntuado conforme aos seguintes criterios:

Exercicio de escritura harmónica (70% da nota):

Para o alumnado que vai ser avaliado para acceder a 5º GP, o exercicio de composición harmónica dará como resultado o 70% da nota da avaliación do apartado de Harmonía.

Os exames parten dunha puntuación total de 10 que vai sendo rebaixada dependendo das veces e tipos de incumprimento das normas dadas. Serán de aplicación os descontos relacionados nas “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a 4 voces” que se anexan a esta programación. Os exercicios propostos deberán ser puntuados atendendo aos seguintes criterios:

- Harmonizacións de calidade: corrección na realización atendendo ás normas de contrapunto, formación, disposición, funcionalidade e cifrado de acordes e coherencia nas sucesións de acordes e nas cadencias.
- Melodías de calidade: atendendo ao seu rexistro, musicalidade, coidado da disonancia, uso de intervalos melódicos propios da música da práctica común, uso correcto das notas alleas á harmonía.
- Escritura musical correcta e axeitada á agrupación para a que está composta a peza (coro, dúo...)
- Uso dos contidos propios do nivel

Exercicio de análise tipo cuestionario (30% da nota):

O exercicio de análise suporá o 30% da nota da avaliación no apartado de Harmonía. O exercicio proposto será puntuado atendendo aos seguintes criterios:

- Recoñecemento da tonalidade e modo do fragmento e das modulacións e ou flexións, no caso de habelas.
- Recoñecemento do grao e cifrado e tipo de acordes e das súas correspondentes funcións, no caso de que o enunciado solicite este último aspecto.
- Recoñecemento dos tipos de cadencias.
- Recoñecemento das notas alleas á harmonía.

Criterios de avaliación e cualificación para o acceso a 6º GP

Exercicio de escritura harmónica (100% da nota):

Para o alumnado que vai ser avaliado para acceder a 6º GP, o exercicio de composición harmónica dará como resultado o 100% da nota da avaliación do apartado de Harmonía. A nota da materia de Harmonía supón un 20% da nota da parte teórica no acceso a 6º GP.

Os exames parten dunha puntuación total de 10 que vai sendo rebaixada dependendo das veces e tipos de incumprimento das normas dadas. Serán de aplicación os descontos relacionados nas “Condicións para harmonizar exercicios para coro mixto a 4 voces” que se anexan a esta programación. Os exercicios propostos deberán ser puntuados atendendo aos seguintes criterios:

- Harmonizacións de calidade: corrección na realización atendendo ás normas de contrapunto, formación, disposición, funcionalidade e cifrado de acordes e coherencia nas sucesións de acordes e nas cadencias.
- Melodías de calidade: atendendo ao seu rexistro, musicalidade, coidado da disonancia, uso de intervalos melódicos propios da música da práctica común, uso correcto das notas alleas á harmonía.
- Escritura musical correcta e axeitada á agrupación para a que está composta a peza (coro, dúo...)

- Uso dos contidos propios do nivel

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

A materia de Harmonía non se avalía nos premios fin de grao, xa que non é unha especialidade instrumental.

9.4 Condicións para realizar exercicios para coro mixto a catro voces e desconto por erros ao respecto

As cifras expresadas ao final de cada ítem corresponden á puntuación que resta da nota 10 inicial.

Normas que afectan ao contrapunto

Evitar conducir as voces por quintas e octavas:

- Seguidas e paralelas 0,55
- Directas 0,45
- Seguidas 0,35

Normas que afectan á formación de acordes (aspectos a evitar)

- Acordes sen terceira 0,5
- Tríada sen 5ª sen xustificación 0,4
- Acordes con duplicación da sensible ou outra de resolución obrigada 0,4
- Acordes con relacións interválicas incorrectas 0,5
- Uso dun 6/4 non plantexado na clase 0,5
- Uso do 6/4 cadencial sen preparación da 4ª 0,4
- Erro nas alteracións 0,4
- Tríada diminuída en EF: II do menor ou VII sen preparación 0,4
- Non rematar un exercicio en EF ou unha tonalidade principal 0,5
- Non empregar dominante nunha modulación 0,5

Normas que afectan á disposición do acorde (aspectos a evitar)

- Voces de tenor - contralto ou contralto – soprano distanciadas máis da oitava entre si. 0,4 cada acorde, podendo chegar a descontar ata 2 puntos por este tipo de erro.
- Cruzamentos non xustificados. 0,4
- Unísonos non xustificados. 0,4
- Síncopa harmónica 0,4

Normas que afectan á funcionalidade tonal (aspectos a evitar)

- Realización incorrecta da cadencia. 0,5

- Sintaxe harmónica non tonal 0,2 por compás

Cifrado (aspectos a evitar)

- Non empregar o cifrado requirido ou empregalo incorrectamente 0,5
- Asinamento do cifrado incorrecto (no caso de que o enunciado o requira) 0,4

Normas que afectan á melodía (aspectos a evitar)

- Preparación/ resolución incorrecta das disonancias, da sensible, da sétima... 0,4
- Xiros melódicos incorrectos (trítonos, 2as aumentadas...) 0,3
- Irse da tesitura da voz. 0,4 cada acorde, podendo chegar a descontar ata 2 puntos por este tipo de erro.
- Melodía das voces extremas con pouco interese (con demasiados saltos ou demasiado estática) 0,2 por compás
- Enlace que produza falsa relación 0,3

Outros aspectos a evitar

- Ausencia dos contidos requiridos: 0,7 c/u
- Erro de escritura 0,3

No caso de que nun mesmo enlace se acumule máis dunha falta debida ao mesmo erro, unicamente se descontará polo erro máis grave (o desconto de máis puntuación).



9.5 Exemplo dun exame de proba de acceso

9.5.1 Exercicio de análise para acceder a 4º GP e 5º GP

<p style="text-align: center;">Proba teórico-práctica de acceso a cursos 4º, 5º e 6º de Grao Profesional Cuestionario sobre Harmonía e Análise</p>		
4º (Harmonía 2 puntos)	5º (Harmonía 3 puntos)	6º (Análise 10 puntos)
a, b, c, d (0,5 c/u)	a (0,3), c (0,6), d (0,8), e (0,3), f (0,5), g (0,5)	a (1.2), b (0.8), c (1), d (0.5), e (2), f (1), g (1.5), h (2)
Nome e apelidos:		

- a) Indica o ton principal da peza.
- b) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función dos acordes dos compases 1 e 2.
- c) Sinala na partitura dúas cadencias: unha perfectas e unha semicadencia.
- d) Sinala na partitura as notas alleas á harmonía do primeiro compás.
- e) Identifica o acorde da última parte do compás 17.
- f) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función dos acordes dos compases 3 e 4. Ten en conta que pode haber funcións secundarias, é dicir, relacionadas con diferentes tonalidades/graos veciños á tonalidade principal.
- g) Identifica sinalando na partitura a relación que hai entre os compases 7 e 8. Tendo isto en conta di: A que grao/tonalidade se produce a flexión do compás 7? E a do compás 8?
- h) Divide a peza en partes atendendo ás cadencias e sinala as partes na partitura.



Siciliana (♩ = 42)

The image shows a musical score for a piece titled "Siciliana" with a tempo marking of ♩ = 42. The score is written for piano and consists of five systems of music. Each system includes a vocal line (treble clef) and a piano accompaniment (grand staff with treble and bass clefs). The key signature is one sharp (F#), and the time signature is 3/8. The score includes various musical notations such as notes, rests, accidentals, and dynamic markings like *pp* and *f*. The piece concludes with a double bar line and repeat dots.

9.5.2 Exercicio de harmonización para acceder a 4º GP

Harmoniza este baixo e melodía usando o cifrado dado e cifrando cun mínimo de tres acordes de distintos tipos de cuarta e sexta, o acorde de sétima de dominante en dous estados e unha serie de sextas (opcional) que dure un compás.

The musical score for exercise 9.5.2 is presented in two systems. The first system shows a piano accompaniment with a bass line and a melody line. The bass line starts with a 6/5 chord indicated below the first measure. The melody line starts in the fifth measure. The second system continues the melody line from the fifth measure.

9.5.3 Exercicio de harmonización para acceder a 5º GP e 6º GP

Harmoniza para coro mixto a catro voces este baixo e tiple combinados usando como mínimo: un acorde de sétima de dominante, un acorde de sétima disminuída, unha semicadencia, unha cadencia perfecta, unha serie de sétimas (mínimo encadeando 3 acordes deste xeito), unha flexión a un grao veciño, un acorde de sexta napolitana, unha cuarta e sexta cadencial, un acorde de dominante sobre tónica. Serán valorados positivamente o uso de notas alleas á harmonía e de outros acordes de sétima.

The musical score for exercise 9.5.3 is presented in two systems. The first system shows a piano accompaniment with a bass line and a melody line. The second system continues the melody line from the fifth measure.